



NOTA DE PRENSA. Xornada Mundial polo Traballo Decente. 7 de outubro

---

## Igrexa polo Traballo Decente reclama acabar coa “triste secuela” da sinistralidade laboral

**Lembra que a saúde laboral é un problema social que require de solucións colectivas**

**ITD suma, por 9º ano consecutivo, a esta Xornada coa convocatoria de actos polo traballo decente en prazas e parroquias**

**Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2023.** O aumento da sinistralidade laboral é unha das caras da actual precariedade laboral que viven muchas persoas traballadoras no noso país e noutros recunchos do mundo. Fronte a esta “triste secuela”, [Igrexa por un Traballo Decente](#) (ITD) lembra que a saúde laboral é “un problema que require de solucións colectivas”.

No seu manifesto, *Un traballo decente ten que ser un traballo saudable*, feito público con motivo da Xornada Mundial polo Traballo Decente, do próximo 7 de outubro, lembra que o traballo é sempre un “medio imprescindible para o recoñecemento da sacra dignidade das persoas” e nunca “un castigo para as persoas”. Por iso, lamenta que moitas veces algúns postos de traballo estean expostos “exclusivamente desde o punto de vista económico e non desde a perspectiva humana”.

A situación de precariedade que sofren moitas persoas traballadoras é unha das causas do aumento da sinistralidade. Por iso é polo que ITD subraye que a falta de seguridade nos lugares de traballo é “especialmente preocupante nos empregos feminizados” (limpeza, coidados, enfermaría...), xa que, “son numerosos os casos de cargas esqueleto-musculares, así como os problemas de saúde mental”.

O benestar mental -sinala o manifesto- converteuse, segundo revela un estudo de ESADE, “nunha das causas prioritarias á hora de abandonar un posto de traballo, seguida da procura de mellora de condicións e as maiores posibilidades de conciliación”.

Por todo isto, os movementos promotores de ITD, reclaman ao Goberno e aos axentes socioeconómicos “un traballo no que non sufra a saúde” das persoas traballadoras. “Esiximos, xunto a outros colectivos de traballadores, a implantación e o cumprimento dos medios de prevención de riscos laborais que defendan a vida dos traballadores”, sinala no manifesto.

Asemade, pide ás Institucións e Administracións un compromiso de promoción do traballo decente que evite a exclusión e a precariedade.

Na nosa diocese de Santiago de Compostela, teremos os seguintes actos, o domingo 8 de outubro:

- En [Santiago de Compostela](#), na **parroquia de San Fernando**, ás 20:00 eucaristía e lectura do

manifesto.

- Na Coruña, ás 11:15 lectura do manifesto na **parroquia de San Francisco Javier**, e ás 11:30 eucaristía. Tamén na **parroquia do Pilar**, ás 12:30 eucaristía e ao rematar, lectura do manifesto.

A iniciativa Igrexa polo traballo Decente (ITD) comezou a súa andaina en 2014 e está formada por organizacións de inspiración católica e congregacións relixiosas, entre as que se atopan Cáritas, a Conferencia Española de Relixiosos (CONFER), a Irmandade Obreira de Acción Católica (HOAC), Xustiza e Paz, a Mocidade Estudante Católica (JEC) e a Mocidade Obreira Cristiá (JOC).

O seu obxectivo é sensibilizar, visibilizar e denunciar unha cuestión esencial para a vida de millóns de persoas: o traballo humano e reivindicar o traballo decente «cara ao interior destas organizacións, cara á Igrexa en xeral e cara á sociedade».



## DATOS DE SINISTRALIDADE LABORAL 2022

### GALICIA 2022

**75** persoas traballadoras **morreron en accidentes laborais** (1 cada 5 días)

**6,69 mortes por** cada **100.000 traballadores/as** é a incidencia de accidentes mortais

Case dobra o índice estatal

**435** persoas traballadoras sufriron un **sinistro de carácter grave na xornada laboral**

**31.193** persoas traballadoras sufriron un **sinistro laboral con baixa**

### GALICIA XANEIRO-XULLO 2023

**36** persoas traballadoras **morreron no traballo**

**182** persoas traballadoras sufriron un **sinistro de carácter grave na xornada laboral**

**15.890** persoas traballadoras sufriron un **sinistro laboral con baixa**

### ESPAÑA

**864** persoas traballadoras **morreron en accidentes laborais (máis de 2 cada día)**

A maior parte dos sinistros mortais prodúcense por infartos e derrames cerebrais, atrapamentos e amputacións e accidentes de tráfico.

**3,67 mortes por** cada **100.000 traballadores/as** é a incidencia de accidentes mortais

**3.962** persoas traballadoras sufriron un **sinistro de carácter grave na xornada laboral**

**653.510** persoas traballadoras sufriron un **sinistro laboral con baixa**

### XANEIRO-XULLO 2023



**399** persoas traballadoras **morreron no traballo**

**2.693** persoas traballadoras sufriron un **sinistro laboral de carácter grave**

**360.594** persoas traballadoras sufriron un **sinistro laboral con baixa**

*Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social*

<https://www.mites.gob.es/estadisticas/eat/welcome.htm>